

RESCATE DUNHA VOZ PRECISA

A EDITORIAL ALVARELLOS, A FUNDACIÓN LÓPEZ ABENTE E O PROFESOR MIRO VILLAR POSIBILITAN O ACCESO A UN LIBRO INÉDITO DE GONZALO LÓPEZ ABENTE

Ramón Nicolás

No ano 1925, as páxinas da revista *Céltiga*, editada en Bos Aires, acollían unha significativa prosa de Vicente Risco titulada *A velliña vella*. Este texto alegórico, moi reiterado e estudado anos despois, vehiculiza a través dun personaxe o que viría sendo unha metonimia de Galicia, pois nel simbolízase tanto o pensamento político de Risco, por extensión do Grupo Nós naquel momento, como o sentimento de perda da identidade dun pobo que esqueceu as súas orixes. Algúns anos antes, Gonzalo López Abente, compañeiro de tarefas e angueiras de Risco, mais tamén de Otero, Castelao, Cuevillas e tantos outros no seo das Irmandades da Fala, deu cun substantivo, como foi *bretemada*, baixo o que quixo artellar unha metonimia de Galicia.

Sería cousa de ficción científico-literaria calibrar qué modificaría tanto a valoración de López Abente na literatura do seu tempo como o seu posto no canon da poesía galega do século XX se o libro que agora se rescata non permanecese inédito nos fondos da Real Academia Galega ata hoxe e vise a luz pouco despois da súa redacción. Con todo, se Xosé Luís Méndez Ferrín, responsable dunhas notas limiares, apunta que constitúe «un acontecemento de altísima importancia» coído que non se debe entender como unha afirmación gratuita.


Subscribo esta anterior aseveración, pois non é difícil valorar a relevancia do libro que nos



López Abente (de pé, cuarto pola esquerda) na recepción de Castelao como membro da Real Academia Galega

chega mercé ao labor da Fundación Gonzalo López Abente, da compostelá Alvarellos Editora e, sobre todo, do bo facer como editor literario do profesor e filólogo Miro Villar, que deposita o preciso rigor neste traballo informando do percorrido biográfico do autor muxián, alén de engadir as reflexións arredor da xeración literaria á que pertenceu, explorando as claves da súa obra poética publicada e reparando na recepción desta última, ademais de ofrecer atinadas valoracións arredor da obra rescatada.

Bretemada acolle un cento de poemas nos que agroman as principais doutrinas identitarias do nacionalismo galego in-



POESÍA

«Bretemada»

Gonzalo López Abente,
Alvarellos Editora, Fundación
Gonzalo López Abente. 227
páxinas. 20 euros.***

cipiente daquela xeira que López Abente abrazaba, materializadas en asuntos como o devezos pola liberdade e a rotunda defensa da lingua e da tradición, sen esquecer a exaltación da singularidade e beleza da nosa paisaxe.

Non merecería ficar esta publicación esquecida entre as novidades editoriais. A exhumación destes textos ilumina un traxecto descoñecido do percorrido literario de Gonzalo López Abente e, por extensión, da historia literaria e cultural de noso. *Bretemada* pon de relevo o traballo inspirado dun poeta que entendo como un valioso material literario, por fin á disposición de quen desexe achegarse a el.

UNHA OBRA QUE DEMANDA UNHA REVISIÓN A FONDO

R.N.

No estudo bio-biográfico que prelude a recuperación de *Bretemada*, o profesor Miro Villar subliña a existencia de certa descalificación crítica respecto da obra do escritor muxián que provén dalgúns dos seus coetáneos galegos mais, significativamente, non así de voces críticas do exterior. Se cadra estes xuízos primeiros, e talvez mediatizados pola sombra do gran Pondal, alicerzados en opinións subxectivas que resultan doadamente rebatibles, afectan xa non só á súa obra poética senón tamén

ao que se refire a outros xéneros nos que López Abente se moveu con frecuencia. Este lastre pesou, sen dúbida, na proxección e presenza que a figura de López Abente goza no canon actual, ao que non axudou a celebración dun Día das Letras no afastado 1971, de carácter máis simbólico e resistente que outra cousa. Participo da idea de que a súa obra demanda, por estas razóns, unha revisión a fondo e sen prexuízos que recupere unha voz que aboia ata o de agora nunha inxusta terra de ningún.

A obra poética de Gonzalo

López Abente cífrase en seis libros publicados en vida, mais o rescate dunha peza poética realizada no ano 1971, alén dunha antoloxía da que precisamente se responsabilizou Miro Villar no ano 1995 e que constitúe, xunto á amentada recuperación de *Bretemada*, a única posibilidade accesible para saber do seu quefacer poético. Máis escuro e desasistido é o panorama que atinxe á súa obra narrativa pois esta apunta á existencia doutras seis pezas absolutamente inatopables desde hai bastantes anos. Consólame saber que

non ha tardar, en Edicións Xerais, unha vindeira edición das súas catro novelas curtas —*O deputado por Beiramar*, *O novo xuez*, *Buserana* e *Fuxidos*, alén do texto *O escándalo*— nunha rigorosa edición a cargo do profesor Suso Sambade, que tiven a oportunidade de coñecer. Este traballo volverá proxectar con rigor a López Abente no primeiro plano de actualidade e permitirá abordar esoutra faceta creativa non menor que foi a da prosa. O autor muxián ben merece que se manteña acesa a memoria do seu legado literario.

CULTURAS

10

SÁBADO,
30 DE DECEMBRE
DEL 2011
LA VOZ DE GALICIA

LETRAS EN GALEGO

CUALIFICACIÓN
*** MOI BO
** BO
• CORRECTO
● MELLORABLE